

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES, IV CICLO, NO EXERCICIO 2025

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela, en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con NIF Q1518001A e sede social no pazo de San Xerome, praza do Obradoiro de Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

Segundo.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade. Así, correspóndelle á dita Consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Terceiro.- A Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, a quen corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Son funcións desta universidade ao servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver os fins que se pretenden e, concretamente as actividades formativas dentro do programa Universitario de maiores IV Ciclo, que forman parte do seu plan de estudos dende o curso académico 2016-2017 e que van dirixidas ás persoas maiores de 50 anos.

Cuarto.- A Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Santiago de Compostela consideran de interese que as persoas maiores de 50 anos, debido ao aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ao mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que lle faciliten a este colectivo o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

O nivel que acadan os/as alumnos/as que seguen o plan de estudos aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 5 de xullo de 2016 e posto en marcha dende o curso académico 2016-17, acredítase coa obtención do Diploma Sénior no IV Ciclo. Ao longo do curso 2024-25 impartiranse no Campus de Santiago 41 materias, e no Campus de Lugo, 41; todas elas de carácter optativo, no curso 2025-26 impartiranse no Campus de Santiago 47 materias, e no Campus de Lugo 46.

Quinto.- Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que vai dirixida, por outra, a ausencia de entidades alternativas no ámbito territorial de aplicación que expidan títulos universitarios e que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles, o que fai que a Universidade de Santiago sexa a única entidade que poida levar a cabo as actividades que comprenden o programa que se pretende subvencionar a través deste convenio, e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, conforme ao previsto no 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, considéranse razóns que acreditan o seu interese social e queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, posibilitando a concesión directa dunha subvención ao abeiro do disposto no artigo 26.2 apartado a) da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Así, a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade da Santiago de Compostela recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores de 50 anos o seu desenvolvemento persoal e social.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN:

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento do IV ciclo universitario no exercicio 2025, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e actuacións*

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención de carácter directa por parte da Consellería de Política Social e Igualdade á Universidade de Santiago de Compostela para favorecer e permitir o desenvolvemento das actuacións previstas pola dita Universidade dentro do Programa Universitario de Maiores IV Ciclo.

Serán subvencionables, unicamente os gastos correspondentes ás actividades formativas que se desenvolvan durante o ano 2025, comprendidas tanto no segundo cuatrimestre do curso académico 2024-2025, como no primeiro cuatrimestre do 2025-2026.

Este Programa vai dirixido a consolidar e favorecer a participación na vida universitaria da poboación de máis de 50 anos.

As actuacións previstas dentro do Programa Universitario de Maiores e IV Ciclo son as seguintes:

a) Actividades formativas no plan de estudos para o IV Ciclo do ano 2025, para a obtención do Diploma Sénior IV Ciclo, que comprende 82 materias de carácter optativo e que a continuación se relacionan destinadas aos 528 alumnos/as matriculados/as nesta edición, impartidas con carácter anual ou cuatrimestral por un total de sesenta docentes responsables que participan no programa:

1º. No Campus de Santiago de Compostela impártense 41 materias durante o último cuatrimestre do curso académico 2024-25:

2024-2025				
	Carácter	Créditos	Persoas matriculadas	Curso
Historia da cultura de Galicia	Cuatrimstral	3	41	1º
Informática básica	Cuatrimstral	3	32	1º
Iniciación á bioloxía humana	Cuatrimstral	3	23	1º
Xeografía de Galicia	Cuatrimstral	3	38	1º
A política hoxe	Cuatrimstral	3	24	1º



Hª da medicina e da ciencia	Cuadrimestral	3	29	1º
Literatura española contemporánea	Cuadrimestral	3	17	2º
Patrimonio bibliográfico e documental	Cuadrimestral	3	12	2º
Fundamentos de dereito	Cuadrimestral	3	33	2º
Medioambiente	Cuadrimestral	3	23	2º
Astronomía	Anual	3	24	2º
Psicoloxía	Cuadrimestral	3	37	2º
Historia da arte de Galicia	Cuadrimestral	3	42	3º
Actividade económica e empresa	Cuadrimestral	3	25	3º
Comunicación xornalística	Cuadrimestral	3	39	3º
Nutrición	Cuadrimestral	3	30	3º
Fundamentos de bioquímica humana	Cuadrimestral	3	17	3º
Educación intercultural	Cuadrimestral	3	22	3º
Introdución á zooloxía	Cuadrimestral	3	15	4º
Historia da arte de Compostela	Cuadrimestral	3	22	4º
Medicamentos	Cuadrimestral	3	10	4º
Introdución á ópera. Novos medios, novas oportunidades	Cuadrimestral	3	15	4º
Aspectos básicos da calidade de vida	Cuadrimestral	3	9	4º
Literatura galega contemporánea	Cuadrimestral	3	15	4º
Invitación a un concerto. Educación pola música	Cuadrimestral	3	18	5º
Historia da pintura	Cuadrimestral	3	22	5º
Historia do pensamento: introdución á	Cuadrimestral	3	19	5º



filosofía de oriente e occidente				
Aprendizaxe emocional e benestar	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	5º
Energía, materia e vida	Cuadrimestral	3	19	5º
Encontros co cine actual	Cuadrimestral	3	25	C.C*
Moda, arte e historia	Cuadrimestral	3	29	C.C*
As xentes do común na historia social da Galicia contemporánea	Cuadrimestral	3	32	C.C*
O camiño de Santiago	Cuadrimestral	3	40	C.C*
Educación física saudable I	Cuadrimestral	3	15	C.C*
Educación física saudable II	Cuadrimestral	3	20	C.C*
Ciclo 4.0 "Aprendendo nunha sociedade tecnolóxica"	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	C.C*
Os espazos para a arte: museos e centros expositivos	Cuadrimestral	3	39	C.C*
Crer na Galicia moderna: entre parroquias, confrarías, promesas e santuarios. A relixiosidade local no noroeste da península ibérica	Cuadrimestral	3	18	C.C*
Literatura española actual: narrativa entre 1978 y 2000	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	C.C*
Os insectos: ¿amigos ou inimigos?	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	C.C*
As danzas populares no mundo I	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	C.C*



*Créditos Complementarios

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Programa Universitario de Maiores: IV Ciclo

E 47 materias durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2025-26:

2025-2026			
	Carácter	Créditos	Curso
Historia da cultura de Galicia	Cuadrimestral	3	1º
Informática básica	Cuadrimestral	3	1º
Iniciación á bioloxía humana	Cuadrimestral	3	1º
Xeografía de Galicia	Cuadrimestral	3	1º
A política hoxe	Cuadrimestral	3	1º
Hª da medicina e da ciencia	Cuadrimestral	3	1º
Literatura española contemporánea	Cuadrimestral	3	2º
Patrimonio bibliográfico e documental	Cuadrimestral	3	2º
Fundamentos de dereito	Cuadrimestral	3	2º
Medioambiente	Cuadrimestral	3	2º
Astronomía	Anual	3	2º
Psicoloxía	Cuadrimestral	3	2º
Historia da arte de Galicia	Cuadrimestral	3	3º
Actividade económica e empresa	Cuadrimestral	3	3º
Comunicación xornalística	Cuadrimestral	3	3º
Nutrición	Cuadrimestral	3	3º



Fundamentos de bioquímica humana	Cuadrimestral	3	3º
Educación intercultural	Cuadrimestral	3	3º
Introdución á zooloxía	Cuadrimestral	3	4º
Historia da arte de Compostela	Cuadrimestral	3	4º
Medicamentos	Cuadrimestral	3	4º
Introdución á ópera. Novos medios, novas oportunidades	Cuadrimestral	3	4º
Aspectos básicos da calidade de vida	Cuadrimestral	3	4º
Literatura galega contemporánea	Cuadrimestral	3	4º
Invitación a un concerto. Educación pola música	Cuadrimestral	3	5º
Historia da pintura	Cuadrimestral	3	5º
Historia do pensamento: introdución á filosofía de oriente e occidente	Cuadrimestral	3	5º
Aprendizaxe emocional e benestar	Cuadrimestral	3	5º
Energía, materia e vida	Cuadrimestral	3	5º
Encontros co cine actual	Cuadrimestral	3	C.C*
Moda, arte e historia	Cuadrimestral	3	C.C*
As xentes do común na historia social da Galicia contemporánea	Cuadrimestral	3	C.C*
O camiño de Santiago	Cuadrimestral	3	C.C*
Educación física saudable I	Cuadrimestral	3	C.C*



Educación física saudable II	Cuadrimestral	3	C.C*
Os espazos para a arte: museos e centros expositivos	Cuadrimestral	3	C.C*
Crer na Galicia moderna: entre parroquias, confrarías, promesas e santuarios. A relixiosidade local no noroeste da península ibérica	Cuadrimestral	3	C.C*
Literatura española actual: narrativa entre 1978 y 2000	Cuadrimestral	3	C.C*
Os insectos: ¿amigos ou inimigos?	Cuadrimestral	3	C.C*
Cine español e premios Goya	Cuadrimestral	3	C.C*
O retrato. Unha visión dende a socioloxía da arte	Cuadrimestral	3	C.C*
Historia da filosofía en feminino	Cuadrimestral	3	C.C*
Historia da Cultura de Galicia II	Cuadrimestral	3	C.C*
Astronomía moderna	Cuadrimestral	3	C.C*
Cinema galego	Cuadrimestral	3	C.C*
Iniciación á danza creativa	Cuadrimestral	3	C.C*
Danza creativa II. Desenvolvemento da creatividade, a expresión corporal e a improvisación	Cuadrimestral	3	C.C*
*Créditos Complementarios			



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Programa Universitario de Maiores: IV Ciclo

2º. No Campus de Lugo impártense 41 materias, durante o último cuadrimestre do curso académico 2024/2025, que comprenden:

2024-2025				
Territorio e paisaxe	Cuadrimestral	3	26	1º
Educación ambiental e cultura da sustentabilidade	Cuadrimestral	3	23	1º
Historia da cidade de Lugo I	Cuadrimestral	3	34	1º
Informática	Cuadrimestral	3	24	1º
Biodiversidade e conservación	Cuadrimestral	3	28 1	º
Literatura galega	Cuadrimestral	3	17	1º
Zoología aplicada	Cuadrimestral	3	15	2º
Historia contemporánea de España	Cuadrimestral	3	21	2º
Botánica forestal e ornamental	Cuadrimestral	3	20	2º
Fundamentos básicos da psicoloxía	Cuadrimestral	3	25	2º
Alimentación saudable: relación da saúde e a enfermidade coa alimentación	Cuadrimestral	3	13	2º
A microscopía no estudo de células, tecidos e órganos	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	2º
Cultura e paisaxe	Cuadrimestral	3	19	3º
Fisioloxía e saúde	Cuadrimestral	3	18	3º
Historia de Europa	Anual	3	16	3º
Introdución ao patrimonio cultural	Cuadrimestral	3	26	3º



Agricultura a pequena escala: presente e futuro	Cuadrimestral	3	14	3º
Análise do mundo rural	Anual	3	11	3º
Astronomía básica	Cuadrimestral	3	15	4º
Estrutura e política económica	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	4º
Historia da arte	Cuadrimestral	3	14	4º
Xeografía do mundo	Cuadrimestral	3	17	4º
Xornalismo e sociedade. Mitos e realidades	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	4º
A ópera dos séculos XVII-XXI: teatro e cine	Cuadrimestral	3	21	4º
Historia da cidade de Lugo II	Cuadrimestral	3	8	5º
Astrofísica e cosmoxía	Cuadrimestral	3	11	5º
Riscos naturais	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	5º
Intelixencia emocional e crecemento persoal	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	5º
Temas actuais de economía	Cuadrimestral	3	11	5º
Ecoloxía e desenvolvemento o sustentable	Cuadrimestral	3	8	5º
Educación física saudable I	Cuadrimestral	3	21	C.C*
Educación física saudable II	Cuadrimestral	3	24	C.C*
Iconografía	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	C.C*
Fundamentos de dereito I	Cuadrimestral	3	Sen matrícula	C.C*
Literatura galega contemporánea	Cuadrimestral	3	21	C.C*
Historia moderna de España	Cuadrimestral	3	19	C.C*
Historia da	Cuadrimestral	3	36	C.C*



cultura de Galicia I				
Historia da cultura de Galicia II	Cuadrimestral	3	24	C.C*
Cultura, saúde e coidados culturais en enfermaría	Cuadrimestral	3	21	C.C*
Introdución á linguaxe musical I	Cuadrimestral	3	31	C.C*
Introdución á linguaxe musical II	Cuadrimestral	3	27	C.C*
*Créditos Complementarios Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Programa Universitario de Maiores: IV Ciclo				

E 46 materias durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2025-26:

2025-2026			
	Carácter	Créditos	Curso
Territorio e paisaxe	Cuadrimestral	3	1º
Educación ambiental e cultura da sustentabilidade	Cuadrimestral	3	1º
Historia da cidade de Lugo I	Cuadrimestral	3	1º
Informática	Cuadrimestral	3	1º
Biodiversidade e conservación	Cuadrimestral	3	1º
Literatura galega	Cuadrimestral	3	1º
Zoología aplicada	Cuadrimestral	3	2º
Historia contemporánea de España	Cuadrimestral	3	2º
Botánica forestal e ornamental	Cuadrimestral	3	2º



Fundamentos básicos da psicoloxía	Cuadrimestral	3	2º
Alimentación saudable: relación da saúde e a enfermidade coa alimentación	Cuadrimestral	3	2º
Fundamentos de Dereito I	Cuadrimestral	3	2º
Cultura e paisaxe	Cuadrimestral	3	3º
Fisioloxía e saúde	Cuadrimestral	3	3º
Historia de Europa	Anual	3	3º
Introdución ao patrimonio cultural	Cuadrimestral	3	3º
Agricultura a pequena escala: presente e futuro	Cuadrimestral	3	3º
Análise do mundo rural	Anual	3	3º
Recursos naturais	Cuadrimestral	3	4º
Estrutura e política económica	Cuadrimestral	3	4º
Historia da arte	Cuadrimestral	3	4º
Xeografía do mundo	Cuadrimestral	3	4º
Xornalismo e sociedade. Mitos e realidades	Cuadrimestral	3	4º
A ópera dos séculos XVII-XXI: teatro e cine	Cuadrimestral	3	4º
Historia da cidade de Lugo II	Cuadrimestral	3	5º
O pan ten moita miga	Cuadrimestral	3	5º
A arte dos xardíns	Cuadrimestral	3	5º
Intelixencia emocional e crecemento persoal	Cuadrimestral	3	5º



Temas actuais de economía	Cuadrimestral	3	5º
Ecoloxía e desenvolvemento sustentable	Cuadrimestral	3	5º
Educación física saudable I	Cuadrimestral	3	C.C*
Educación física saudable II	Cuadrimestral	3	C.C*
Iconografía	Cuadrimestral	3	C.C*
Historia moderna de España	Cuadrimestral	3	C.C*
Historia da cultura de Galicia I	Cuadrimestral	3	C.C*
Historia da cultura de Galicia II	Cuadrimestral	3	C.C*
Cultura, saúde e coidados culturais en enfermaría	Cuadrimestral	3	C.C*
Introdución á linguaxe musical I	Cuadrimestral	3	C.C*
Historia moderna de Galicia I	Cuadrimestral	3	C.C*
Historia moderna de Galicia II	Cuadrimestral	3	C.C*
Escritura creativa	Cuadrimestral	3	C.C*
Historia da Arte II	Cuadrimestral	3	C.C*
Arte e mitoloxía	Cuadrimestral	3	C.C*
Práctica vocal de auditiva	Cuadrimestral	3	C.C*
*Créditos Complementarios			
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Programa Universitario de Maiores: IV C			

3º. Así mesmo, neste curso dirixiranse dous traballos Excelsor dende as áreas de ciencias da educación e historia da Arte. Rematados os traballos defenderase ante un tribunal, como indica a convocatoria destes traballos para a obtención do Diploma Excelsor.

SEGUNDA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar a través deste convenio ten previsto realizar a Universidade de Santiago de Compostela, é de 57.050,00€.

Segundo a Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, esta previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **trinta e dous mil euros (32.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.444.0.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións que forman parte do Programa Universitario de maiores IV Ciclo recollidas na cláusula primeira, no ano 2025.

TERCEIRA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. A Universidade de Santiago de Compostela deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e acreditar a realización das actividades, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto neste convenio.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e

registros específicos sexan esixidos no marco do convenio coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións do programa obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

g) No deseño e desenvolvemento do programa e das súas actuacións, obxecto da concesión da subvención a través do presente convenio incorporar de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

h) Diseñar e desenvolver as actuacións do programa a subvencionar a través do presente convenio tendo en conta as necesidades e demandas das persoas maiores con discapacidade, que puideran participar nas mesmas, e baixo os principios establecidos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade a entidade beneficiaria deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CUARTA. Obrigas e documentación inicial

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención e que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SEXTA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 49 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 51 % restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actividades do programa a subvencionar a través deste convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse, a entidade beneficiaria terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso.

SÉTIMA. *Gastos subvencionables e xustificación*

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable, en aplicación do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os gastos de persoal adscritos á execución das actividades do Programa Universitario de Maiores IV Ciclo, así como os gastos correntes directamente relacionado con ditas actuacións subvencionadas.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2025**.

Só se financiarán os gastos xerados no ano 2025 conforme ás actividades formativas do plan de estudos para o IV Ciclo. As actividades formativas subvencionables serán as que



se leven a cabo durante o ano 2025, que formarán parte do último cuadrimestre do curso académico 2024-2025 e do primeiro cuadrimestre do curso académico 2025-2026.

No momento da presentación da xustificación dos gastos, en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2025**, a entidade beneficiaria presentará a seguinte documentación:

a) **Informe-memoria** detallado de cada unha das actuacións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro do programa a subvencionar a través deste convenio, acompañado dunha certificación, asinada pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, na que se faga constar:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución do dito programa e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ás actuacións subvencionadas coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b) **Declaración complementaria do conxunto das axudas** solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

Cando formen parte da xustificación, documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación correspondentes a 2025, considerarase xustificado coa presentación dunha addenda á certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control na primeira quincena de febreiro de 2026.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención non xustificada, e levará consigo o correspondente reintegro nas condicións previstas no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

OITAVA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través deste convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a



condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción.

Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actuacións que conforman o programa obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

A Universidade de Santiago de Compostela queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades do programa a subvencionar a través deste convenio relacionadas na cláusula primeira.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións obxecto do programa a subvencionar a través do dito convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMA. *Subcontratación*

A Universidade de Santiago é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actividades subvencionadas fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades ata o 60% do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

A Universidade de Santiago no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do mesmo.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política

Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Universidade de Santiago de Compostela, así como as súas suplentes, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando correspondan ás actuacións do programa formativo a subvencionar.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das

persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. Así mesmo, rexerase polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as

Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, así como as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución deste convenio. Os seus acordos esgotan a vía administrativa.

Contra os acordos cabe interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa ou, se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambas partes comparecentes no lugar e data da súa sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

A conselleira

Pola Universidade de Santiago de
Compostela

O reitor

Fabiola García Martínez

Antonio López Díaz